



Nun novo ‘almorzo dixital’, expertos de R analizaron esta mañá as claves da tecnoloxía 5G como dinamizadora do sector empresarial

“5G é moito máis que velocidade, é a grande oportunidade para as empresas”

- ***Pedro Herbello, responsable de Produto e Servizo de R e do Grupo Euskaltel, falou esta mañá dos retos que lle presenta a nova tecnoloxía ao sector empresarial para aproveitar todas as súas posibilidades.***
- ***“Trátase dunha rede con tecnoloxía completamente nova e rompedora, que cambiará a forma de facer moitas cousas e xerará unha nova industria”, asegurou no encontro virtual Luis Ornos, xerente de Carteira Grande Empresa de R e do Grupo.***
- ***Durante o ‘almorzo dixital R’, no que participaron 120 profesionais e directivos de empresas, analizouse tamén a idoneidade do momento para comezar a traballar con 5G e o punto de desenvolvemento en que se atopa nestes momentos en España e Europa esta tecnoloxía de última xeración.***
- ***O operador galego continúa acompañando as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para que sigan sendo competitivas a todos os niveis e en calquera escenario do mundo.***

Xoves, 25 de marzo de 2021.- “5G: o impulso da transformación dixital”. Con este título abriuse esta mañá a sesión formativa ou *webinar* sobre “Tendencias da industria” nun novo ‘almorzo dixital R’.

No encontro virtual, ao que se conectaron 120 profesionais e directivos do sector empresarial, repasouse o momento que vive esta tecnoloxía de última xeración no noso país e os desafíos que presenta o 5G, sobre todo no mundo da empresa, para beneficiarse ao máximo das súas inxentes posibilidades e vantaxes.

Velocidade e automatización, outra forma de traballar

Sen dúbida este sistema traeranos un novo **salto cuantitativo de velocidade**, e características como a baixísima latencia, a alta densificación e a eficiencia enerxética farán do 5G unha **tecnoloxía clave para o desenvolvemento de novas aplicacións**, especialmente no sector empresarial e industrial. Porque 5G resolve dificultades técnicas que permitirán **novos modelos de negocio** en sectores como a automoción, a saúde, a agricultura ou o entretemento, entre outros.

Pedro Herbelo asegurou durante a súa charla que 5G suporá *“o nacemento dun novo ecosistema tecnolóxico e unha nova forma de traballar, a medida que xurdan dispositivos e tecnoloxías arredor do sistema: veremos emerxer novos negocios na medida en que se combine con aplicacións de Internet das cousas (IoT) e en que sexamos quen de ‘sensorizar’ calquera elemento a un custo moi baixo (...) Como exemplo, Herbelo particularizou durante o almorzo dixital na agricultura, “sector onde, pola súa extensión, é difícil aplicar outra tecnoloxía, e no que veremos aparecer máquinas que serán capaces de facer moitas tarefas autonomamente ou incorporar sensores de todo tipo para industrializar colleitas. Cando isto ocorra, un empresario-agricultor tradicional terá que adaptarse se quere competir con outro que utilice procesos industriais”.*

O responsable de Produto e Servizo de **R** continuou explicando que *“na industria, os procesos requiren fiabilidade e tempo real: non se entendería, así, que á hora de controlar un guindastre, este non respondese ou o fixese tarde, porque podería ocasionar un accidente. A tecnoloxía que aplica 5G garante unha alta fiabilidade en contornas industriais e unha baixa latencia moi por riba dunha rede wifi, o que permitirá que aínda en contornas privadas se poida impor para controlar eses procesos”.* Por todo iso, aínda que as persoas adoitan asociar esta tecnoloxía a un maior largo de banda, podemos afirmar que *“5G é moito máis que velocidade e xa se converteu na grande oportunidade para as empresas no contexto actual e futuro”.*

Millóns de dispositivos e usos en mobilidade

Pola súa banda, Luis Ornosa incidiu en que *“as novas redes 5G terán **capacidade para conectar millóns de dispositivos** (1 millón por Km² fronte aos 3.200 actuais), xusto nun momento en que as redes cada vez están máis saturadas a medida que aparecen novos dispositivos que se conectan a elas”.*

Coa tecnoloxía de 5G aprovéitanse mellor as canles existentes e a comunicación por posicionamento do usuario. As mínimas latencias de 5G permiten utilizar esta tecnoloxía para sistemas en tempo real, onde agora sería impensable usar as redes móbiles, como os sistemas de conducción autónoma, telemedicina, ou industria 4.0. A nivel particular tamén se lograrán moitas melloras, explica Ornosa: *“Trataríase dunha **‘extensión en mobilidade’** dos usos que xa realizamos coa fibra óptica pero sen estar atados a ela; por exemplo, sistemas baseados en ‘streaming’, como as plataformas de xogos en ‘cloud’ (Hutch, Stadia...) na rúa ou nun coche, ou o uso de plataformas de almacenamento masivo con ubicuidade para que as cámaras de fotos ou vídeo, ou mesmo os móbiles non utilicen unha memoria senón que consuman directamente da rede”.*

Unha rede nova para unha nova industria

Esas inxentes posibilidades de mobilidade, as velocidades maiores, as latencias moi inferiores e a capacidade para traballar con millóns de dispositivos son as claves que abrirán a porta a usos antes impensables das tecnoloxías e á **xeración de toda unha nova industria**.

A diferenza de 4G, 5G é unha tecnoloxía con **novas capacidades** máis trasladable á empresa que ao mercado residencial e facilita novos modelos de negocio.

Algunhas desas posibilidades:

_ Velocidades nos dispositivos **superiores a 1Gbps**.

_ **Alta densidade de usuarios** conectados baixo una mesma antena.

_ **Maior eficiencia enerxética**. Menor consumo e, polo tanto, maior duración das baterías (ata 10 anos).

_ **Utra baixa latencia** que permite habilitar servizos con respostas en tempo real (dividindo entre 10 os tempos alcanzados con 4G).

_ Mecanismos de **seguridade reforzada** tanto a nivel de rede como de usuario.

En definitiva, novos negocios e casos de automatización de procesos en tempo real serán realidades cada vez máis próximas e tanxibles de agora en adiante. Como mostra, o **Piloto 5G Euskadi** no que R e o Grupo participan de maneira activa para identificar novos casos de uso en empresas locais que estudarán e beneficiaranse das bondades do 5G e das tecnoloxías que incorpora.

Este é o camiño global da **competitividade empresarial no século XXI**: a transformación dixital e a tecnoloxía 5G van necesariamente unidas a ela.

SUMARIOS

“Con 5G veremos emerxer novos negocios a medida que se combine con aplicacións de IoT e que sexamos quen de ‘sensorizar’ calquera elemento a un custo moi baixo”

“Os empresarios tradicionais deberán adaptarse para seguir competindo cos que utilicen procesos industriais”

“5G terá multitude de aplicacións en mobilidade: ‘streaming’ de vídeo, plataformas de xogos (‘Hutch’, ‘Stadia’...), ou cámaras e móbiles que non utilicen memoria senón que consuman directamente da rede”

Comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

